

Axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas.

1. Qué prazo hai para presentar as solicitudes?

O día 6 de marzo de 2019 se publicaron as bases reguladoras das axudas das liñas PEL PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2019 no Boletín Oficial da Provincia nº 45 onde se recollen as condicións que regulan estas axudas.

O prazo pra presentar as solicitudes virá determinado coa publicación da convocatoria da axuda que será publicada tamén no Boletín Oficial da Provincia.

(Bases: Punto 8. Fase de solicitude. Forma e prazo. Apartado 8.2. Prazo de presentación)

2. Quén as pode solicitar?

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas promotoras de iniciativas empresariais e que **con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda**, reúnan os seguintes requisitos:

- **Comúns a persoas físicas e xurídicas:**

1. **Domicilio fiscal** nun concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.
2. Ter actividade económica con ánimo de lucro.
3. A actividade da empresa, definida nos seus estatutos, ou do/ autónomo/a debe de estar relacionada cos perfís profesionais da persoa contratada.

- **Específicos das persoas xurídicas:**

1. Estar inscritas no rexistro mercantil ou no rexistro público correspondente, no caso das persoas xurídicas.

- **Específicos das persoas físicas:**

1. Estar dadas de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional, no caso das persoas físicas.

(Bases: Punto 3. Destinatarios/as)

3. Pódense presentar Comunidades de Bens? E as sociedades civís?

Non poderán ser solicitantes as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

Tampouco poderán ser solicitantes da axuda, as asociacións, autónomos colaboradores, as sociedades civís en calquera das súas formas xurídicas e as corporacións de dereito público (Confrarías...).

(Bases: Punto 3. Destinatarios/as. Apartado 3.2. Exclusiones)

4. Cales son as obrigas das persoas beneficiarias?

Os/as beneficiarios/as deberán cumprir , entre outros, os seguintes compromisos e obrigas relativas á presentación de solicitudes, xestión e xustificación das axudas:

- **Non estar nin ter estado incurso en expediente de regulación de emprego ou despedimento improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.**
- Autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputación desde a data de presentación da solicitude de subvención.
- Cumprir con todos os requisitos indicados nas bases e manter a mesma forma xurídica desde a data de publicación da convocatoria da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
- Cumprir coa normativa de minimis e declarar ao presentar a solicitude que non supera os límites establecidos en dita normativa para o seu sector.
- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTEL calquera modificación que puidese afectar á solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.
- Facilitarlle á persoa contratada, os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais, de seguridade e saúde no traballo que se atope vixente durante a execución do traballo.
- Cumprir cos deberes económicos de carácter salarial e tributario en prazo ordinario, independentemente do momento do pago da subvención.
- **Cumprir co método de selección do/do traballador/a indicado pola entidade na solicitude. No caso de que a Unidade xestora detecte que o/a beneficiario/a non seleccionou ao/á traballador/a segundo o método indicado na súa solicitude, tramitarase a perda de dereito ao cobro da axuda.**
- **Cumprir coas características da persoa contratada indicada na solicitude, no caso de que se corresponda con algunha das que obtivo puntuación segundo o apartado 8 do cadro de criterios de valoración recollido na base 10. No caso da Unidade xestora detecte que o beneficiario non contratou ao/á traballador/a segundo as características da persoa indicadas na súa solicitude, tramitarase a perda de dereito ao cobro da axuda.**
- **Realizar a contratación do traballador para o posto de traballo solicitado nos grupos de cotización correspondentes ao importe concedido (táboa recollida na base 5). No caso da Unidade xestora detecte que o/a beneficiario/a non realizou a contratación do/a traballador/a segundo o grupo de cotización indicado, tramitarase a perda de dereito ao cobro da axuda.**
- Manter o tipo de contrato indicado na solicitude. Poderá admitirse o cambio dun contrato temporal a un indefinido e dunha xornada parcial a unha completa, tendo en conta que neste último caso non se incrementará o importe concedido.
- Cumprir os requisitos esixidos nestas bases desde a data de publicación da convocatoria da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos do plan.
- **Manter o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria, desde a data de publicación das bases da axuda e durante todo o período subvencionado. Para tal**

efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa maior ao existente no momento de publicación das bases reguladoras da axuda.

Enténdese que o/a beneficiario/a da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa o falecemento dun/unha traballador/a, ou pase á situación de incapacidade laboral permanente, nos seus graos de incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, a xubilación total, ou despedimento disciplinario recoñecido ou declarado como procedente ou baixa voluntaria do traballador e pola finalización de contratos para a formación e a aprendizaxe, de contratos en prácticas e de contratos de duración determinada, previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación da Coruña.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade.
- Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Conservar os documentos xustificativos de aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente en lugar visible no centro de traballo, logotipo da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña e á súa convocatoria específica: PEL- PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2019. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.
- Enviar xunto coa xustificación, documentación gráfica da publicidade realizada nas actividades e/ou actuacións realizadas con cargo á subvención concedida.

(Bases: Punto 13. Compromisos e obrigas)

5. Cales son os requisitos das persoas contratadas ou a contratar?

As persoas contratadas ou a contratar, deben cumprir, ademais dos esixidos no Estatuto dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada, os seguintes requisitos:

1. Estar empadroado/a en calquera dos municipios da provincia da Coruña.
2. Estar en situación de desemprego no momento da contratación e inscrito/a como demandante de emprego nos Servizos Públicos de Emprego.

(Bases: Punto 4. Requisitos das persoas contratadas ou a contratar. Apartado 4.1. Requisitos)

6. Qué tipo de contratacións non son subvencionables?

1. As **contratacións indefinidas realizadas con traballadores/as que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa** ou «única empresa» mediante un contrato indefinido. Isto tamén será de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador/a con empresas ás cales a solicitante dos beneficios sucedese.
2. As **contratacións temporais realizadas con traballadores/as que nos últimos 6 meses anteriores á data de contratación prestasen servizos na mesma empresa** ou «única empresa» mediante un contrato temporal.
3. As **persoas traballadoras que finalicen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato** polo que se solicita a subvención, agás que dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1. g), 51 e 52. c) do Estatuto dos traballadores.
4. As **relacións laborais de carácter especial** previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro (Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores).
5. As **contratacións de traballadores/as para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición** realizados con **empresas de traballo temporal**.
6. Os **contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive**, do empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

(Bases: Punto 4. Requisitos das persoas contratadas ou a contratar. Apartado 4.2. Exclusionés)

7. Cándo se pode realizar a contratación?

Unicamente se subvencionarán as contratacións realizadas entre **o 1 de xaneiro de 2019 e ata un máximo de dous meses a contar desde a data de publicación no Boletín Oficial da Provincia** da resolución de concesión das subvencións.

(Bases: Punto 5. Subvención, contías e período subvencionable)

8. Qué duración debe ter o contrato e en qué modalidades de contratación se pode realizar?

A contratación terá unha **duración mínima de 12 meses**. O contrato poderá ter unha duración superior a 12 meses, pero a subvención cubrirá unicamente os 12 primeiros meses do contrato.

O contrato deberá realizarse **en calquera modalidade das previstas legalmente** (contrato indefinido, temporal, de substitución, para a formación e a aprendizaxe, en prácticas) e independentemente do tipo de xornada (a xornada completa ou xornada parcial) e para todos os efectos rexeráse pola lexislación laboral vixente.

(Bases: Punto 5. Subvención, contías e período subvencionable)

9. Cal é o tipo de gasto e importe subvencionable?

Cada empresa poderá solicitar a subvención para a contratación dun/unha traballador/a durante un período de 12 meses, durante os cales a subvención cubrirá como máximo o 75% dos custos salariais totais da persoa traballadora. A contratación terá unha duración mínima de 12 meses. O contrato poderá ter unha duración superior a 12 meses, pero a subvención cubrirá unicamente os 12 primeiros meses do contrato.

PEL PEMES. CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL		
As novas contratacións realizadas ou a realizar con cargo á convocatoria PEL-PEMES CRE AMP 2		
Nº traballadores	Porcentaxe máxima da axuda	Duración
1	75%	12 meses

Os conceptos de gasto subvencionables son os seguintes:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade

Gastos non subvencionables: horas extraordinarias, indemnización fin de contrato, incrementos salariais, roupa de traballo...

A contía máxima da subvención para solicitar e conceder será o 75% dos custos estimados de contratación segundo os seguintes grupos de cotización e categorías profesionais:

Contratacións a xornada completa (40 horas)			
Grupo de cotización	Categorías profesionais	Estimación de custes de contratación anuais	Importe máximo a solicitar/conceder
1	Enxeñeiros/as e licenciados/as. Persoal de alta dirección non incluído no art. 1.3.c) do Estatuto dos Traballadores	22.000,00 €	16.500,00 €
2	Enxeñeiros/as técnicos, peritos e axudantes titulados/as	22.000,00 €	16.500,00 €
3	Xefes/as administrativos/as e de taller	20.000,00 €	15.000,00 €
4	Axudantes non titulados/as	20.000,00 €	15.000,00 €
5	Oficiais administrativos/as	20.000,00 €	15.000,00 €
6	Subalternos/as	20.000,00 €	15.000,00 €
7	Auxiliares administrativos/as	20.000,00 €	15.000,00 €
8	Oficiais de primeira e segunda	18.000,00 €	13.500,00 €
9	Oficiais de terceira e especialistas	18.000,00 €	13.500,00 €
10	Peóns	18.000,00 €	13.500,00 €
11	Traballadores/as menores de 18 anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	18.000,00 €	13.500,00 €

(Bases: Punto 5. Subvención, contías e período subvencionable e Punto 6. Conceptos de gasto subvencionables)

10. É a axuda compatible con outras axudas?

As subvencións concedidas non serán **incompatibles** con calquera outra axuda concedida pola Deputación da Coruña, agás aquelas axudas concedidas ao amparo do Plan de Emprego Local.

Tamén serán **compatibles** con outras axudas públicas ou privadas para os mesmos conceptos. Tendo en conta que en ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do persoal subvencionado.

Os/as solicitantes da axuda deben declarar as axudas públicas recibidas baixo o réxime de minimis no tres últimos anos, mediante a declaración contida no **Anexo I**.

(Bases: Punto 7. Compatibilidade das axudas)

11. Forma de presentación das solicitudes.

As entidades interesadas en participar na convocatoria de axudas á contratación no marco do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, deberán comunicar a súa vontade de adhesión ao mesmo **cumprimentando os campos da solicitude na plataforma SUBTeL e a memoria técnica**, a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática SUBTeL (na páxina web www.dacoruna.gal) mediante a firma dixital do seu representante legal.

A memoria técnica constará de dúas partes: un check-list (dispoñible en SUBTeL) e un modelo para cumprimentar (Anexo III).

En todo caso, teranse por non presentadas aquelas solicitudes rexistradas en formato papel. Non se aceptarán memorias que superen as 2 páxinas de extensión (tamaño letra: 11), nin aquelas presentadas fóra do prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria, constituíndo a súa presentación en tempo e forma un requisito esencial do procedemento, cuxo defecto non poderá emendarse.

Será necesario que o solicitante declare e se comprometa co cumprimento dos requisitos recollidos na base 3. Destinatarios e coas obrigas e compromisos pertinentes relativos á base 13 destas bases, que estarán dispoñibles en formato listas de chequeo na Plataforma de tramitación telemática de solicitudes de subvención (SUBTeL) no momento da presentación da solicitude.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de maneira telemática é imprescindible que a persoa solicitante, no caso das persoas físicas e o representante legal da entidade cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de sinatura electrónica.

No momento da presentación da solicitude, as entidades deberán subir á plataforma telemática SUBTeL, a seguinte documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda:

DOCUMENTACIÓN XERAL		
1	Anexo I	Declaración sobre as axudas recibidas en Réxime de <i>minimis</i>
2	Anexo II	Autorización de representación para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante
3	Anexo III	Memoria Técnica sobre medidas de Responsabilidade Social Empresarial
4	Outros	Certificado de situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado
DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA		
Persoas físicas		Duplicado actualizado da Resolución de alta no Réxime Especial de Traballadores por conta propia ou autónomos ou de ser o caso, no colexio profesional e mutualidade que corresponda.
Persoas xurídicas		Escritura de constitución da entidade ou calquera outro documento análogo no que figuren os Estatutos, Estipulaciones ou Contratos Privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de obrigados.

(Bases: Punto 8. Forma, prazos e documentación da solicitude)

12. Cómo se conceden as axudas e cómo se valoran?

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en **réxime de concorrencia competitiva**, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para a valoración das solicitudes presentadas, nomearase por resolución da presidencia unha Comisión de Avaliación que estará composta por tres empregados públicos da Deputación provincial da Coruña, actuando como secretario o xefe de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

A Comisión valorará e puntuará as solicitudes presentadas conforme a criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial, en función dos criterios establecidos na base 10.

A unidade encargada da tramitación do expediente, á vista da documentación que nel consta e da acta da comisión de valoración, formulará un informe-proposta de resolución de concesión, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, e especificará a súa puntuación e os criterios de valoración seguidos para efectualala, así como as solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima establecida en función do crédito dispoñible.

En canto aos **criterios específicos que serán tidos en conta na fase de valoración**, serán os indicados no apartado 10 das bases reguladoras: A valoración de cada memoria técnica presentada, que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria, se realizará sobre un total de 100 puntos que se outorgarán atendendo á *poboación do municipio onde teña rexistrado o seu domicilio fiscal, a actividade económica da empresa esté clasificada nunha das consideradas*

con mellores perspectivas segundo a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020, o tipo de empresa, a forma xurídica da empresa enmarcada na economía social, o cadro de persoal da empresa, a forma de selección do persoal contratado/a contratar, as características do contrato realizado/a realizar, características da persoa desempregada contratada/a contratar, as medidas de responsabilidade social empresarial e non ter sido beneficiario/a na convocatoria anterior da mesma liña.

(Bases: Punto 9. Procedemento de concesión e aprobación e Punto 10. Valoración das solicitudes)

13. Cándo e cómo se xustifican os gastos para o pago da axuda?

O beneficiario disporá dun **prazo máximo** para presentar a xustificación de gastos que será de **15 meses desde a data de publicación no BOP da resolución de concesión da axuda.**

A documentación precisa para a presentar a xustificación de gastos e tramitar o pago da axuda é a seguinte:

1. Relación clasificada dos gastos realizados e memoria resumen das actividades desenvolvidas polo/a traballador/a durante o período xustificado (Anexo V).

2. Nóminas mensuais escaneadas e asinadas electrónicamente da persoa traballadora correspondentes ao período xustificado e xustificantes de pago das mesmas.

3. Recibo de liquidación de cotización (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT) escaneados e asinados dixitalmente, correspondente ao período xustificado.

4. Impreso da liquidación nominal do Modelo 111 do IRPF escaneado e asinado electrónicamente correspondente ao período de xustificación.

5. Declaración da media do persoal traballador no conxunto dos centros de traballo desde a data de publicación das bases reguladoras da axuda e durante todo o período subvencionado.

6. Informe de vida laboral da entidade beneficiaria da subvención correspondente á data de publicación da convocatoria.

7. Documentación gráfica da publicidade realizada e ligazón á páxina web da entidade, en caso de existir.

8. Impreso de comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros a efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar a Deputación Provincial da Coruña (salvo que a conta bancaria sexa a mesma que para a convocatoria PEL- PEMES Creación/Ampliación 2018). Este impreso estará dispoñible na plataforma SUBTeL no momento de enviar a xustificación.

O pago da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida e realizarase nun único pago, por importe máximo do total da subvención concedida.

O importe a xustificar polos/as beneficiarios/as será o orzamento de gasto definitivamente aprobado para os conceptos de gasto subvencionables. No caso de que xustifiquen un importe inferior, o importe a abonar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustifico.

Recibida e revisada a documentación, a Deputación da Coruña realizará un control de verificación á entidade beneficiaria do cumprimento das esixencias declaradas e de non existir razóns en contra, a Deputación aboará o pago en función do importe efectivamente xustifico, ata un máximo do importe total da subvención concedida.

(Bases: Punto 14. Fase de xustificación e pago da subvención)

14. Qué sucede se non se xustifica o importe total da axuda concedida?

O importe a xustificar polos/as beneficiarios/as será o orzamento de gasto definitivamente aprobado para os conceptos de gasto subvencionables. No caso de que xustifiquen un importe inferior ao 100%, pero superior ao 50%, o importe a abonar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustifico.

No caso de que se xustifique un importe inferior ao 50% non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará ningunha cantidade.

(Bases: Punto 14. Fase de xustificación e pago da subvención. Punto 14.4. Cumprimento da finalidade básica da subvención)

15. Qué sucede no suposto de que se produza a extinción da relación laboral do/a traballador/a contratado/a?

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención por causas sobrevidas debidamente xustificadas, os/as beneficiarios/as poderán proceder a unha nova contratación no prazo máximo de 1 mes desde a extinción do contrato, só no caso de que se trate dunha baixa voluntaria ou despedimento procedente e ata un máximo de 2 novas contratacións. Neste caso, o período a xustificar ampliarase no prazo correspondente ao tempo transcorrido entre a baixa e a nova contratación.

Os beneficiarios incurso en supostos excepcionais de extinción da relación laboral que procedan a realizar unha nova contratación segundo o que se indica no parágrafo anterior, deberán achegar a documentación relativa á baixa anterior e alta do/a novo/a traballador/a:

- Carta de baixa voluntaria do/a traballador/a ou carta de despedimento laboral.
- Documento de baixa na Seguridade Social do/a traballador/a.
- Documentación acreditativa do alta do/a novo/a traballador/a indicada na base 12.

(Bases: Punto 13. Compromisos e obrigas)

16. Pódese presentar máis dunha solicitude por entidade?

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. Considerándose unha soa entidade todas aquelas nas que os/as socios/ as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei Xeral de Subvencións

e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que poideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

(Bases: Punto 8. Forma, prazos e documentación da solicitude. Punto 8.1. Forma)

17. Cándo hai que enviar o contrato de traballo e qué outra documentación teñen que presentar os beneficiarios relativa á contratación?

No caso daquelas **contratacións realizadas desde o 1 de xaneiro e ata a data de publicación da resolución de concesión** da axuda, deberán achegar a seguinte documentación no prazo de 1 mes desde a data de publicación da resolución definitiva de concesión.

No caso daquelas **contratacións realizadas con posterioridade á data de publicación da resolución da concesión da axuda**, deberán achegar a documentación seguinte no prazo de 1 mes desde a data de contratación:

1. Contrato de traballo formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego correspondente.
2. Parte de alta do/a traballador/a na seguridade social.
3. Informe de datos de cotización (IDC) do/a traballador/a.
4. Copia do rexistro do contrato na aplicación “Contrata” dos Servizos Públicos de Emprego, co número de oferta (no caso de aquelas contratacións nas que a selección do/a traballador/a se realice a través dos Servizos Públicos de Emprego)
5. Copia do Informe do Técnico de Emprego do Concello, co número de oferta (no caso daquelas contratacións nas que a selección do/a traballador/a se realice a través da Rede de Técnicos de Emprego e Desenvolvemento Local).
6. Copia do Informe do Técnico de Emprego (no caso de outras redes ou axencias públicas).
7. Documento acreditativo de realización da selección a través de axencias de colocación privadas, portais de emprego ou redes sociais (no caso daquelas contratacións nas que a selección se realice a través deses medios).
8. Certificado de Vida Laboral do/a traballador/a (no caso de aquelas contratacións desempregados/as de longa duración).
9. DNI do/a traballador/a (no caso daquelas contratacións de maiores 45 ou menores de 30 anos e en no caso de que se contrate a unha muller).
10. Certificado de discapacidade emitido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria (no caso de contratación de traballador/a con grao de discapacidade igual o superior ao 33%).
11. Tarxeta de demandante de emprego do/a traballador/a contratado/a (para acreditar a contratación dun/ha desempregado/a).

(Bases: Punto 12. Fase de acreditación da contratación)

18. As nóminas teñen que ser pagadas mediante transferencia ou valerían os pagos en efectivo?

Os/as beneficiarios/as deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros (traballadores/as contratados/as) que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria, o importe e a data de pago (transferencias bancarias).

(Bases: Punto 14. Fase de xustificación e pago da subvención. Punto 14.3. Importe a xustificar e pago da subvención)